

VIERNES, 12 de octubre de 2007

LUCES

O verso en acción de Rompente

O colectivo vigués rachou co xeito convencional de concibir o xénero

D. S. | 12 OCT 2007**Archivado en:** [Poesía](#) [Literatura](#) [Cultura](#)

Antón Reixa confésase: "A parte das *performances* en Rompente era o máis entrañábel, sobre todo porque nin sabiamos que se chamaban así". Outro dos *tres tristes tigres*, Manuel Romón, lembra que a teima do grupo era "tirar a poesía dos libros e levala á rúa, aos bares". "As institucións non prevalecían no campo literario, como aconteceu logo de 1986", afirma. As estratexias desenvolvidas ao respecto polo Grupo de Comunicación Poética Rompente, formado por Reixa, Romón e Alberto Avendaño no Vigo da segunda metade dos anos 70, abrangueron do súper8 ao megáfono, da música contemporánea á pintura, do pasquín ao manifesto, e responderon a títulos tan suxestivos como *A tristeSa de Ezza*, *Moisés e a mona* ou *A dama que fala*.

"Cando sacamos *Fóra as vosas sucias mans de Manuel-Antonio*", rememora Romón, na actualidade presentador de *Libro aberto* na TVG, "íamos cun megáfono pola rúa". O manifesto coincidía co Día das Letras Galegas dedicado ao autor de *De catro a catro* e declaraba: "Dubidamos que este segundo enterro de Manuel-Antonio, que as visitas do Rei, que as consellerías de cultura sirvan para algo máis que para neutralizar definitivamente o que curto prazo semellan facer progresar". Reixa relata outra acción do grupo no parque de Castrelos. "Nun escenario decorado polos pintores Antón Patiño e Menchu Lamas puxemos cubetas de váter e Abreu, un amigo, tocaba o acordeón; poesía en acción, en definitiva".